



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

endereço electrónico: correo@betanzos.net

BASES DO SERVIZO DE CAMPAMENTOS DE VERÁN BETANZOS CONCILIA 2024

OBXECTO

Os campamentos de verán Betanzos Concilia 2024 supoñen unha alternativa de lecer para a rapazada de 3 a 12 anos do municipio de Betanzos, cunha dobre finalidade: a de permitir a conciliación familiar, laboral e persoal das familias betanceiras; e a de ofrecer un espazo de esparcemento para nenas e nenos en igualdade de oportunidades. Tamén persegue contribuír a diminución das desigualdades sociais e favorecer a integración dos/as menores en risco de exclusión social.

Tanto transversalmente como en actividades específicas traballarase a igualdade de xénero e o fomento da lingua galega.

OBXECTIVOS

Os principais obxectivos son:

- Reforzar a igualdade de oportunidades na infancia.
- Favorecer a conciliación da vida familiar, persoal e laboral das familias.
- Promover a integración social dos/as menores en situación de risco.
- Previr situacións de vulnerabilidade e exclusión social nos/as menores.
- Promover o uso da lingua galega e a nosa cultura.
- Desenvolver habilidades sociais en nenos e nenas para relacionarse adecuadamente.
- Fomentar a convivencia e ampliar o marco de relacións dos/as menores.
- Promover o respecto á diversidade.
- Fomentar o desenvolvemento da creatividade e as propias competencias a través do xogo.

- Fomentar a comunicación e a iniciativa capacitando para a toma de decisións.
- Fomentar o respecto pola contorna máis inmediata e pola cidade onde viven e o medio ambiente.
- Fomentar a afección por actividades ao aire libre, exercicio físico, e o traballo en equipo.

PERSOAS DESTINATARIAS

Poderán solicitar a súa participación nos campamentos de verán Betanzos Concilia 2024 as familias de nenas e nenos que se encontren entre os **3 e os 12 anos cumpridos, con datas de nacemento entre os anos 2012 e 2020**, e que reúnan algunha destas circunstancias:

- **Empadroados/as no Concello de Betanzos.** O Concello comprobará a veracidade de dito empadramento.
- **Non empadroados/as** no Concello de Betanzos, unicamente no caso de que quedasen **prazas dispoñibles**, e por orde de inscrición.

Quen teña unha **discapacidade igual ou superior ao 33%** poderá participar nesta convocatoria aportando no **momento da solicitude** o correspondente **certificado de discapacidade**, ademais dun **informe médico, educativo ou social** no que se valore que o/a menor posúe a capacidade de integración nun grupo e que as súas necesidades especiais lle permiten participar e beneficiarse das actividades que se van desenvolver.

LUGAR E DATA

Os campamentos Betanzos Concilia desenvolveranse nas dependencias do **CEIP Francisco Vales Villamarín**, e para facilitar en maior medida a conciliación laboral e familiar, realizaranse 3 quendas diferenciadas, de luns a venres agás festivos, do seguinte xeito:

- **1ª quenda:** do 24 de xuño ao 5 de xullo (10 días).
- **2ª quenda:** do 8 de xullo ao 26 de xullo (14 días). Festivo o 25 de xullo.
- **3ª quenda:** do 29 de xullo ao 14 de agosto (13 días).

Un mesmo menor poderá optar ás tres quendas, se ben no momento da solicitude deberá marcarse unha como **preferente**.

HORARIO

- Hora de entrada ordinaria: Ás **08:00 horas** ou ás **09:00 horas**.
- De 08:00 a 09:00 desenvolverase o **servizo de Mañanceiros** sen almorzo e sen custe adicional.
- Hora da recollida: **Flexible entre as 14:00 horas e as 15:00 horas**, para favorecer a conciliación. Non se poderá recoller a ningún/ha menor pasados 10 minutos das 15:00 horas.

PRAZAS

Ofértanse un máximo de **180 prazas**, **60 prazas en cada unha das 3 quendas**. Será necesario un **mínimo de 16 nenos/as** en cada quenda **para realizar a actividade**.

CUSTO

- O custo do servizo será de **50 € por neno/a en cada quenda** en consonancia co acordo da Xunta de Goberno Local publicado no BOP da Coruña do 13/07/2015 .
- **Desconto do 20% en cada fillo/a** no caso de **acreditar ser familia numerosa** no momento da solicitude, acompañando o certificado correspondente.
- Reservaranse **15 prazas** en total para **casos de exclusión social** debidamente acreditados polos Servizos Sociais Municipais. As familias deberán **marcar expresamente este cadro na solicitude, e pedir cita coa traballadora social** de zona para a súa comprobación.

ACTIVIDADES

As actividades terán como **eixo vertebrador a igualdade** entre nenas e nenos, a través de iniciativas lúdicas de ocio e tempo libre (xogos, obradoiros, etc.).

A través do **xogo cooperativo** trataranse valores de respecto, igualdade de oportunidades, resolución de conflitos e o fomento da nosa cultura e lingua galega.

Ademais, realizaranse **visitas** ao campamento e **saídas** a outros municipios galegos.

PERÍODO DE INSCRIPCIÓN

Os prazos de inscrición serán o seguinte para todas as quendas:

Do venres 10 de maio ao venres 24 de maio, ambos días incluídos.

A presentación de inscricións realizarase **preferentemente a través da sede electrónica do Concello de Betanzos** <https://sede.betanzos.gal> **no apartado de Servizos Sociais e no trámite Solicitud de Inscrición Campamentos verán Betanzos Concilia 2024.**

Recordamos que para utilizar a sede electrónica é preciso dispoñer de Certificado electrónico, DNI electrónico ou Cl@ve permanente.

Excepcionalmente, as persoas que acrediten que non contan cós medios necesarios para realizalo por esta vía, poderán presentala solicitude nas dependencias dos Servizos Sociais.

DOCUMENTACIÓN A APORTAR NA INSCRIPCIÓN

A **documentación** necesaria para realizar a inscrición será:

- Impreso de **solicitud** debidamente cuberto, que poderá obterse en:
 - Sede electrónica do Concello de Betanzos. <https://sede.betanzos.gal>
- Fotocopia da **tarxeta sanitaria** do/a menor.
- **Título de familia numerosa**, se se solicita a bonificación por ese concepto.
- **Certificado de discapacidade, se corresponde**, así como **informe médico, educativo ou social** no que se valore que o/a menor posúe a **capacidade de integración nun grupo**.
- Para as **prazas reservadas por risco de exclusión social**, a documentación necesaria para realizar dita valoración por parte do departamento de Servizos Sociais.
- Se a nena ou o neno tivese algunha **alergia ou intolerancia alimentaria**, ou tivese que **administrar algún tipo de medicación**, non é preciso acreditarlo documentalmente, pero si **marcalo expresamente na solicitude**.

ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

- **Directa:** a adxudicación será directa no caso que non se supere o número de prazas dispoñibles.
- **Sorteo público:** Se o número de solicitudes supera as prazas dispoñibles, antes da publicación da listaxe provisional de admitidos/as realizarase un sorteo público no **Salón Azul do Liceo**, o **venres 31 de maio ás 09:30 horas**. Os irmáns e/ou irmás inscritos/as para a mesma quenda participarán no sorteo cunha papeleta única. Así mesmo o sorteo dará lugar a unha lista de agarda.

No caso de que as familias dos/as admitidos/as renuncien á praza obtida por sorteo, chamarase telefonicamente aos/ás integrantes da lista de agarda. No caso de non ser localizados/as tras tres chamadas a diferentes horas, pasarase ao/á seguinte da lista.

No caso de existir prazas vacantes xa iniciada a actividade, as crianzas poderanse incorporar nela despois do comezo do campamento, sempre que se conserve a ratio monitor/a-nena/o.

PUBLICACIÓN DAS LISTAXES DE PERSOAS ADMITIDAS

A **listaxe provisional** de admitidos/as publicarase o **luns 3 de xuño**, tras a realización previa do sorteo público, de ser este preciso.

Darase un prazo máximo de **3 días hábiles para reclamacións e renuncias**. Pasado este tempo, publicarase a **listaxe definitiva**. De non existir reclamacións nin renuncias, a listaxe provisional elevarase a definitiva. En todo caso, esta publicarase o **venres 7 de xuño**.

Ambas listaxes poderán consultarse na **páxina web municipal** <https://betanzos.es> ou nos **taboleiros de anuncios de Servizos Sociais e o Edificio Liceo**.

PAGAMENTO

As cotas pagarase unha vez aparecido na lista definitiva de admitidos/as o nome do/a neno/a e sempre con anterioridade ao inicio da actividade a través da **Oficina Virtual Tributaria do Concello de Betanzos**.

https://sede.betanzos.gal/sxc/es/procedimientoytramites/tramites/OficinaVirtualTributaria_N

Unha vez nesta plataforma, ir a **Autoliquidar e pagar taxas** da páxina de inicio, onde deberá introducirse o DNI da persoa solicitante e seleccionar o apartado **Prestación de servizos, subapartado Prestación de servizos – Campamento urbano**.

No despregable **Tarifas** **deberase escoller a quenda ou quendas** que procedan segundo o listado de persoas admitidas.

En virtude da ordenanza reguladora, as persoas solicitantes que teñan a **condición de Familia Numerosa** terán unha **bonificación do 20% en cada filla/o** participante, que non inclúe os servizos de almorzo e xantar. Para aplicala, dentro de cada quenda, no despregable *Bonificación* deberase escoller a opción *Familia Numerosa 20%*.

A continuación xerarase o **documento de pago**, que pode descargarse para **abonar presencialmente** en calquera oficina ou caixeiro das entidades **Abanca ou Sabadell** ou ben **pagarse directamente con tarxeta** desde a opción **Pagar**. En ambos casos, garde o xustificante de pagamento.

Deberá realizarse unha autoliquidación por cada filla/o inscrito no Campamento Urbano Betanzos Concilia.

Unha vez realizado o pagamento, **o xustificante debe enviarse por correo electrónico a marta.pineiro@betanzos.gal** ou entregarse nas dependencias dos Servizos Sociais municipais.

O **prazo máximo** para o pagamento e o envío de xustificante de pago será **o mércores 19 de xuño**.

Para calquera **dúbida** con respecto á Oficina Virtual Tributaria poden poñerse en contacto co departamento de Servizos Sociais no **981.77.07.07** ou co departamento de Tesourería no **981.77.00.11**.

DEVOLUCIÓN DE TAXAS

Unha vez obtida a praza e aboadado o prezo da quenda correspondente, **unicamente devolverse a taxa** se a/o menor non puidese acudir aos campamentos **por causa médica, tras aportación de solicitude de baixa e informe médico correspondente, antes do inicio da actividade**.

Se a/o menor inicia o campamento e por causa sobrevida non pode continuar no mesmo, non se devolverá a taxa.

Se existise un **erro á hora de pagar as taxas do campamento**, por non encontrarse a/o menor incluído nalgunha das quendas abonadas, **deberá realizarse a solicitude de devolución de taxa** por sede electrónica ou rexistro, non realizando o Concello este trámite de oficio.

REUNIÓN INFORMATIVA

Realizarase unha reunión informativa para as familias coa empresa encargada do desenvolvemento do campamento no **Salón Azul do Liceo**:

- **Xoves 20 de xuño ás 19:00 horas.**

NORMAS

A inscrición na actividade supón o compromiso de aceptación das normas.

Dereitos das persoas usuarias:

- Bo trato por parte do persoal do servizo e dos/as outros/as usuarios/as.
- A confidencialidade sobre os seus datos sanitarios, económicos e sociofamiliares.
- Proporcionarlle a atención socioeducativa precisa para o seu desenvolvemento integral.
- Favorecer a súa participación no servizo.

Obrigas das persoas usuarias:

- Incorporarse á actividade nos horarios establecidos.
- Non abandonar a actividade sen autorización da persoa responsable.
- Entregar a documentación requirida.
- Para a recollida das/os menores sempre será requirida a comparecencia dalgunha das persoas que figuran autorizadas.
- Respectar as normas establecidas polos equipos de monitores de cada campamento, así como as de réxime interno das instalacións onde se desenvolvan.
- Non transferir a praza asignada.
- Manter unha actitude de respecto e consideración co persoal e cos/as demais usuarios/as.

O incumprimento reiterado das normas establecidas suporá causa de baixa.

A alcaldesa, María Barral Varela.

Betanzos, 8 de maio de 2024.

ANEXO I. SOLICITUDE

SOLICITUDE CAMPAMENTOS DE VERÁN BETANZOS CONCILIA 2024. DO 10 AO 24 DE MAIO.

DATOS DO/A NENO/A			
NOME:		APELIDOS:	
DNI/NIF:		TELÉFONO/S:	
IDADE:		DATA NACEMENTO:	
ENDEREZO POSTAL:			
CIDADE:		PROVINCIA:	C.P.:
EMPADROADO/A:	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	PADECE ALERXIA/S?:	SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/> CAL?:
PRECISA DISPENSAR ALGUNHA MEDICACIÓN?	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	COMENTE A QUE HORA E EN QUE DOSE:	
PRESENTA ALGUNHA DISCAPACIDADE?	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	INDIQUE O GRAO RECOÑECIDO:	
QUENDA PREFERENTE			
1ª (do 24 de xuño ao 5 de xullo) <input type="checkbox"/> 2ª (do 8 de xullo ao 26 de xullo) <input type="checkbox"/> 3ª (do 29 de xullo ao 14 de agosto) <input type="checkbox"/>			
OUTRAS QUENDAS DE INTERESE			
1ª (do 24 de xuño ao 5 de xullo) <input type="checkbox"/> 2ª (do 8 de xullo ao 26 de xullo) <input type="checkbox"/> 3ª (do 29 de xullo ao 14 de agosto) <input type="checkbox"/>			
Entrada: <input type="checkbox"/> 08:00 h <input type="checkbox"/> 09:00 h		Saída: <input type="checkbox"/> 14:00 h <input type="checkbox"/> 15:00 h	
De 08:00 a 09:00 a rapazada poderá almorzar. O almorzo o traerá cada neno/a da casa.			
INGRESOS DA UNIDADE FAMILIAR			
<input type="checkbox"/> ATA 6,5 VECES O IPREM <input type="checkbox"/> DESDE 6,5 VECES O IPREM ATA UN 15% MÁIS			
AUTORIZO			
AO CONCELLO DE BETANZOS A CONSULTAR NO PADRÓN MUNICIPAL OS MEUS DATOS DE EMPADROAMENTO. <input type="checkbox"/>			
SOLICITO BONIFICACIÓN POR RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL (PRECÍSASE INFORME DE SERVIZOS SOCIAIS, DEBERÁ SOLICITAR UNHA CITA NO MESMO DEPARTAMENTO).			<input type="checkbox"/>
AUTORIZACIÓN PARA A ASISTENCIA A SAÍDAS (Pai/ nai ou titor/a).			
NOME E APELIDOS:		DNI/NIF:	
COMO PAI/NAI OU TITOR/A DE:		<input type="checkbox"/> AUTORIZO	<input type="checkbox"/> NON AUTORIZO
A ASISTIR A TODAS AS SAÍDAS PROGRAMADAS FÓRA DO LUGAR HABITUAL DE DESENVOLVEMENTO DO CAMPAMENTO.			
AUTORIZACIÓN PARA O USO DE IMAXE DO/A MENOR DE IDADE (Pai/ nai ou titor/a)			
NOME E APELIDOS:		DNI/NIF:	
COMO PAI/NAI OU TITOR/A DE:		<input type="checkbox"/> AUTORIZO	<input type="checkbox"/> NON AUTORIZO
AO CONCELLO DE BETANZOS Á PUBLICACIÓN E REPRODUCCIÓN EN DIFERENTES MEDIOS (PUBLICACIÓNS, PÁXINA WEB, REDES SOCIAIS...) DAS FOTOGRAFÍAS EN QUE APARECE O MEU FILLO OU FILLA PARTICIPANDO EN ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE BETANZOS. ESTE MATERIAL GRÁFICO ESTARÁ SUXEITO A USO EXCLUSIVAMENTE EDUCATIVO E DIVULGATIVO.			
LUGAR:	DATA:	SINATURA:	
ANEXO II. INFORMACIÓN SOBRE CAMPAMENTOS DE VERÁN BETANZOS CONCILIA 2024			
CAMPAMENTOS DE VERÁN BETANZOS CONCILIA (1ª- 2ª- 3ª QUENDA)			
Actividades de lecer pedagóxico e de carácter convivencial, con eixo vertebrador a igualdade entre nenas e nenos.			

DATAS: 1.ª QUENDA: 24 XUÑO - 5 XULLO 2.ª QUENDA: 8 XULLO - 26 XULLO 3.ª QUENDA: 29 XULLO - 14 AGOSTO (DE LUNS A VENRES, AGÁS FESTIVOS)		LUGAR: CEIP FRANCISCO VALES VILLAMARÍN.
HORARIO: ENTRADA 08:00 HORAS OU 09:00 HORAS – SAÍDA 14:00 HORAS OU 15:00 HORAS. DE 08:00 A 09:00 A RAPAZADA PODERÁ ALMORZAR. O ALMORZO O TRAERÁ CADA NENO/A DA CASA.		
IDADES: 3 – 12 ANOS.		+ INFO: 981 770 707
PRAZO DE INSCRICIÓN: DO 10 AO 24 DE MAIO		COTA: 50 EUROS
LUGAR DE INSCRICIÓN: SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE BETANZOS.		
PRAZAS: 60 POR QUENDA (REQUÍRESE UN MÍNIMO DE 16 PARTICIPANTES POR QUENDA PARA REALIZAR A ACTIVIDADE).		
DOCUMENTACIÓN IMPORTANTE NO MOMENTO DA SOLICITUDE		
<p>É imprescindible achegar a solicitude específica para os campamentos Betanzos Concilia habilitada na sede electrónica do Concello de Betanzos.</p> <p>Para todos os menores será necesario entregar unha copia da tarxeta sanitaria xunto coa solicitude.</p> <p>De ser o caso, entregárase coa solicitude certificado de discapacidade, título de familia numerosa e documentación acreditativa de pedirse praza por situación de vulnerabilidade ou exclusión social.</p>		
SOBRE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E PAGAMENTO DA COTA		
<p>As prazas adxudicaránse de forma directa ou por sorteo público se a demanda excede o nº de prazas. Terán prioridade os/as nenos/as empadroados/as en Betanzos. A adxudicación das prazas publicárase na páxina web https://betanzos.es antes do inicio da actividade.</p> <p>As cotas pagaránse unha vez confirmada a praza e antes de iniciar a actividade a través da Oficina Virtual Tributaria do Concello de Betanzos. https://sede.betanzos.gal/sxc/es/procedimientosytramites/tramites/OficinaVirtualTributaria_N</p> <p>Unha vez nesta plataforma, ir a Autoliquidar e pagar taxas da páxina de inicio, onde deberá introducirse o DNI da persoa solicitante e seleccionar o apartado Prestación de servizos, subapartado Prestación de servizos – Campamento urbano.</p> <p>No despregable Tarifas deberase escoller a quenda ou quendas que procedan segundo o listado de persoas admitidas.</p> <p>En virtude da ordenanza reguladora, as persoas solicitantes que teñan a condición de Familia Numerosa terán unha bonificación do 20% en cada filla/o participante, que non inclúe os servizos de almorzo e xantar. Para aplicala, dentro de cada quenda, no despregable Bonificación deberase escoller a opción Familia Numerosa 20%.</p> <p>A continuación xerárase o documento de pago, que pode descargarse para abonar presencialmente en calquera oficina ou caixeiro das entidades Abanca ou Sabadell ou ben pagarse directamente con tarxeta desde a opción Pagar. En ambos casos, garde o xustificante de pagamento.</p> <p>Deberá realizarse unha autoliquidación por cada filla/o inscrito no Campamento Urbano Betanzos Concilia.</p> <p>Unha vez realizado o pagamento, o xustificante debe enviarse por correo electrónico a marta.pineiro@betanzos.gal ou entregarse nas dependencias dos Servizos Sociais municipais.</p> <p>O prazo máximo para o pagamento e o envío de xustificante de pago será o mércores 19 de xuño.</p> <p>Para calquera dúbida con respecto á Oficina Virtual Tributaria poden poñerse en contacto co departamento de Servizos Sociais no 981.77.07.07 ou co departamento de Tesourería no 981.77.00.11.</p>		